# DECRETO

Tras ver a proposta da Secretaría-Intervención do Consorcio, na que textualmente se di:

*"Vista a acta da mesa de contratación reunida con data 23.08.2024 e na que textualmente se di:*

## *"ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 23 DE AGOSTO DO 2024*

***PRESIDENTA**: Dona Julia Vázquez  Silvarrey, Xerente do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento.*

***SECRETARIO:** Don Jose Antonio Arias Lombardero, Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá da Deputación Provincial de Lugo.*

***VOGAIS:***

- *Don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario-Interventor do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servicio contra Incendios e Salvamento*
- *Dona María Ángeles Rivas Vázquez, Xefa da Sección de Contabilidade e Contas da Deputación Provincial de Lugo.*
- *Don Daniel Díaz Fernandez, Xefe do Servizo de Emerxencias da Xunta de Galicia en Lugo.*

*Sendo as nove horas e trinta e tres minutos do día 23 de agosto do 2024, baixo a Presidencia de Dona Julia Vázquez  Silvarrey, constitúese a Mesa de Contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada na data do 20 de agosto do 2024.*

***ORDE DO DÍA:***

*PRIMEIRO.- Apertura de Requirimento de documentación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente EXPCON4SE24-ABO para adxudicar o contrato de Contratación dos servizos de limpeza nos parques comarcais de bombeiros que xestiona o Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento*

*SEGUNDO.- Apertura de Requirimento de documentación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente EXPCON4SE24-ABO para adxudicar o contrato de Contratación dos servizos de limpeza nos parques comarcais de bombeiros que xestiona o Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento*

*TERCEIRO.- Proposta adxudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente EXPCON4SE24-ABO para adxudicar o contrato de Contratación dos servizos de limpeza nos parques comarcais de bombeiros que xestiona o Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento"*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7U5XHTYB5T6VMLA57NGIIUMY | Fecha y Hora | 30/08/2024 14:04:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO-INTERVENTOR) | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO (PRESIDENTE (P.D.)) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U5XHTYB5T6VMLA57NGIIUMY | Página | 1/11 |

## 1. *APERTURA DE REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN: EXPCON4SE24-ABO (LOTES 1 e 2)*

*En relación a este expediente recórdase aos asistentes que na sesión celebrada con data 18.07.2024, a Mesa de contratación acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta: EXPCON4SE24-ABO (LOTES 1 e 2):*

*“**1º**.- Outorgar as seguintes puntuacións aos licitadores admitidos no EXPCON4SE24-ABO:*

***LOTE 1: PARQUES DO NORTE***

| ***CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA NOS PARQUES COMARCAIS DE BOMBEIROS QUE XESTIONA O CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO – EXPCON4SE24-ABO*** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ***LOTE 1. PARQUES DO NORTE*** | ***CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN*** | | | | |
| ***LICITADORES*** | ***1.Oferta económica (IVE engadido)*** | ***PUNTOS*** | ***2. Bolsa de horas para necesidades especiais*** | ***PUNTOS*** | ***PUNTUACIÓN TOTAL*** |
| *BROCOLI, S.L.* | *33.346,91 €* | ***78,54*** | *150,00* | *15,00* | ***93,54*** |
| *LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L.* | *30.811,44 €* | ***85,00*** | *150,00* | *15,00* | ***100,00*** |
| *PULIMENTOS INDUSTRIALES DEVA SL* | *34.153,96 €* | ***76,68*** | *150,00* | *15,00* | ***91,68*** |
| *SAMAÍN, SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.* | *31.899,87 €* | ***82,10*** | *150,00* | *15,00* | ***97,10*** |


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7U5XHTYB5T6VMLA57NGIIUMY | Fecha y Hora | 30/08/2024 14:04:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO-INTERVENTOR) | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO (PRESIDENTE (P.D.)) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U5XHTYB5T6VMLA57NGIIUMY | Página | 2/11 |

***LOTE 2: PARQUES DO SUR***

| CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA NOS PARQUES COMARCAIS DE BOMBEIROS QUE XESTIONA O CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO – EXPCON4SE24-ABO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **LOTE 2. PARQUES DO SUR** | **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN** | | | | |
| **LICITADORES** | **1.Oferta económica (IVE engadido)** | **PUNTOS** | **2. Bolsa de horas para necesidades especiais** | **PUNTOS** | **PUNTUACIÓN TOTAL** |
| BROCOLI, S.L. | 34.875,16 € | **79,45** | 150,00 | **15,00** | **94,45** |
| LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L. | 32.597,40 € | **85,00** | 150,00 | **15,00** | **100,00** |
| PULIMENTOS INDUSTRIALES DEVA SL | 32.806,97 € | **84,46** | 150,00 | **15,00** | **99,46** |

***2º.-*** *Clasificar aos licitadores admitidos no EXPCON4SE24-ABO, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:*

***LOTE 1: PARQUES DO NORTE***

| **Nº ORDE** | **LICITADOR** | **PUNTUACIÓN ACADADA** |
|---|---|---|
| 1 | LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L. | **100,00 puntos** |
| 2 | SAMAÍN, SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A. | **97,10 puntos** |
| 3 | BROCOLI, S.L. | **93,54 puntos** |
| 4 | PULIMENTOS INDUSTRIALES DEVA SL | **91,68 puntos** |

***LOTE 2: PARQUES DO SUR***

| **Nº ORDE** | **LICITADOR** | **PUNTUACIÓN ACADADA** |
|---|---|---|
| 1 | LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L. | **100,00 puntos** |
| 2 | PULIMENTOS INDUSTRIALES DEVA SL | **99,46 puntos** |
| 3 | BROCOLI, S.L. | **94,45 puntos** |

*3º.- Requirir á empresa LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L., para que, dentro do prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, presente en relación aos Lotes 1 e 2 do EXPCON4SE24-ABO e a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e, de ser o caso, acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución das garantías definitivas polos importes que se relacionan a continuación, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade:*

| *LOTE* | *LICITADOR MELLOR VALORADO* | *IMPORTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO (IVE EXCLUÍDO)* | *IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA* |
|---|---|---|---|
| *1. PARQUES DO NORTE* | *LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L.* | *25.464,00 €* | *1.273,20 €* |
| *2. PARQUES DO SUR* | *LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L.* | *26.940,00 €* | *1.347,00 €* |

*4º.- Publicar o resultado da valoración total do proceso do EXPCON4SE24-ABO, no perfil do contratante Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento aloxado na plataforma de contratos do sector público.*

*Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento."*

*A Presidencia do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento aceptou a proposta feita pola mesa de contratación e consecuentemente, con data 22.07.2024, resolveu, entre outras cuestións, requirir á empresa LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L., para que, dentro do prazo de dez DÍAS HÁBILES, presentase en relación aos Lotes 1 e 2 do EXPCON4SE24-ABO e a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e, de ser o caso, acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución das garantías definitivas. En base á mencionada resolución, cursouse a esta empresa a través da plataforma de contratos do sector público o requirimento de documentación administrativa sinalado.*

*Reunida a Mesa de Contratación no día de hoxe, aos efectos de examinar a documentación presentada pola empresa LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L. no trámite anterior,*

*infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida. Examinada esta documentación os resultados foros os seguintes:*

- *Non se achega toda a documentación requirida para acreditar a solvencia económica e a solvencia técnica e profesional dos Lotes 1 e 2 do EXPCON4SE24-ABO, de acordo co previsto na cláusula 17 e na letra R, apartado 3 do cadro resumo do prego de cláusulas administrativas reitor do EXPCON4SE24-ABO (en diante PCAP).*

  *Tal e como se indica na mencionada letra R, apartado 3 do cadro resumo do PCAP:*

  *“ 3. Clasificación*

  *O artigo 77.1.b) da LCSP establece, para os contratos de servizos, que non será esixible a clasificación do empresario.*

  *Non obstante o anterior, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente acreditando os requisitos recollidos nos puntos 1 e 2 anteriores **ou ben acreditando a súa clasificación de acordo coa seguinte táboa**:*

| ***LOTE*** | ***VALOR ESTIMADO DO CONTRATO*** | ***GRUPO*** | ***SUBGRUPO*** | ***CATEGORÍA (despois da entrada en vigor do RD 773/2015)*** |
|---|---|---|---|---|
| *1* | *105.653,69 €* | *U* | *1* | *1* |
| *2* | *104.170,51 €* | *U* | *1* | *1* |

  *No suposto de posuír clasificación o licitador deberá aportar:*

  - *Certificado do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou do Rexistro Oficial de Licitadores de Galicia, no que figure a clasificación da empresa nos grupos sinalados.*

  - *Declaración responsable na que o licitador manifeste que as circunstancias que constan no dito rexistro non experimentaron variación.*

*A empresa LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L, achega certificación do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e do Rexistro Oficial de Licitadores de Galicia, no que figura que esta empresa está clasificada dentro do Grupo U, Subgrupo 1, coa categoría 4[1], a cal é superior á esixida no PCAP e polo tanto cumpre cos requisitos de solvencia, pero non achega declaración responsable na que o manifeste que as circunstancias que constan en ditos rexistros non experimentaron variación.*

[1] *Categoría 4, cuando la cuantía del contrato sea igual o superior a 600.000 euros e inferior a 1.200.000 euros (art.38 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7U5XHTYB5T6VMLA57NGIIUMY | Fecha y Hora | 30/08/2024 14:04:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO-INTERVENTOR) | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO (PRESIDENTE (P.D.)) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U5XHTYB5T6VMLA57NGIIUMY | Página | 5/11 |

*A Mesa considera esta circunstancia como emendable e acorda por unanimidade, facultar ao secretario da mesa para requirir á empresa LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L que achegue declaración responsable na que manifeste que a efectos de acreditar a solvencia económica e a solvencia técnica e profesional para os Lotes 1 e 2 do EXPCON4SE24-ABO, as circunstancias que constan no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Licitadores de Galicia non experimentaron variación, outorgándolle un prazo de 3 días hábiles indicado na cláusula 17.3 do PCAP para cumprir con este trámite.*

*Practicado o mencionado requirimento e cumprido o trámite de emenda por esta empresa dentro do prazo outorgado ao efecto, a mesa acorda tamén facultar ao Secretario da Mesa para que comprobe que a declaración responsable se presenta nos termos sinalados, sen necesidade de celebrar unha nova sesión da mesa de contratación.*

*No caso de que a empresa LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L non atenda ao requirimento no prazo outorgado ou presente declaración responsable indicada en termos distintos aos sinalados, convocarase nova sesión da mesa na que se dará conta deste extremo aos efectos de adoptar os acordos que resulten oportunos.*
*Dacordo co sinalado, baixo dita condición de emenda e tendo en conta que a restante documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do PCAP presentada pola empresa LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L é correcta, a mesa acorda continuar co procedemento aos efectos da adxudicación dos Lotes 1 e 2 do EXPCON4SE24-ABO.*

## ***2. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN: EXPCON4SE24-ABO (LOTES 1 e 2)***

*A) Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:*

1. *Facultar ao secretario da mesa para requirir á empresa LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L, para que, dentro do prazo de TRES DÍAS HÁBILES indicado na cláusula 17.3 do prego de cláusulas administrativas reitor do EXPCON4SE24-ABO, emende a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación presentada ao abeiro do artigo 150.2 da LCSP, nos seguintes termos:*

- *Non se achega toda a documentación requirida para acreditar a solvencia económica e a solvencia técnica e profesional dos Lotes 1 e 2 do EXPCON4SE24-ABO, de acordo co previsto na cláusula 17 e na letra R, apartado 3 do cadro resumo do prego de cláusulas administrativas reitor do EXPCON4SE24-ABO (en diante PCAP).*

  *Tal e como se indica na mencionada letra R, apartado 3 do cadro resumo do PCAP:*

  *“ 3. Clasificación*

  *O artigo 77.1.b) da LCSP establece, para os contratos de servizos, que non será esixible a clasificación do empresario.*

  *Non obstante o anterior, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente acreditando os requisitos recollidos nos puntos 1 e 2 anteriores* ***ou ben acreditando a súa clasificación de acordo coa seguinte táboa****:*

| LOTE | VALOR ESTIMADO DO CONTRATO | GRUPO | SUBGRUPO | CATEGORÍA (despois da entrada en vigor do RD 773/2015) |
|---|---|---|---|---|
| 1 | 105.653,69 € | U | 1 | 1 |
| 2 | 104.170,51 € | U | 1 | 1 |

*No suposto de posuír clasificación o licitador deberá aportar:*

- *Certificado do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou do Rexistro Oficial de Licitadores de Galicia, no que figure a clasificación da empresa nos grupos sinalados.*

- *Declaración responsable na que o licitador manifeste que as circunstancias que constan no dito rexistro non experimentaron variación.*

*A empresa LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L, achega certificación do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e do Rexistro Oficial de Licitadores de Galicia, no que figura que esta empresa está clasificada dentro do Grupo U, Subgrupo 1, coa categoría 4[2], a cal é superior á esixida no PCAP e polo tanto cumpre cos requisitos de solvencia, pero* ***non achega declaración responsable na que o manifeste que as circunstancias que constan en ditos rexistros non experimentaron variación****.*

*De acordo co exposto, deberá achegar declaración responsable na que manifeste que, a efectos de acreditar a solvencia económica e a solvencia técnica e profesional para os Lotes 1 e 2 do EXPCON4SE24-ABO, as circunstancias que constan no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Licitadores de Galicia non experimentaron variación.*

*Se o licitador non emenda ou se o fai fora de prazo, nestes casos entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.*

*Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento*

2. *Facultar ao Secretario da Mesa para que unha vez cumprido o trámite indicado no punto anterior, comprobe que a declaración responsable se presenta nos termos*

[2] *Categoría 4, cuando la cuantía del contrato sea igual o superior a 600.000 euros e inferior a 1.200.000 euros (art.38 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas*

*sinalados, deixando constancia no expediente de dita verificación, sen necesidade de celebrar unha nova sesión da mesa de contratación.*

*No caso de que a empresa LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L non atenda ao requirimento no prazo outorgado ou presente a declaración responsable indicada en termos distintos aos sinalados, emitirase informe e convocarase nova sesión da mesa na que se dará conta deste informe aos efectos de adoptar os acordos que resulten oportunos.*

*B) Elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución, condicionada ao cumprimento e verificación dos extremos indicados no apartado A anterior e previa fiscalización pola Secretaría-Intervención do Consorcio:*

1. *Adxudicar os Lotes 1 e 2 da contratación dos servizos de limpeza nos parques comarcais de bombeiros que xestiona o consorcio provincial de lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento – EXPCON4SE24-ABO, a favor da empresa LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L., con NIF B36908820.*

   *O contrato adxudícase de acordo cos seguintes importes:*

| ***LOTE*** | ***IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (SEN IVE)*** | ***IVE (21%)*** | ***IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (IVE engadido)*** |
|---|---|---|---|
| *LOTE 1. Parques do Norte* | *25.464,00 €* | *5.347,44 €* | *30.811,44 €* |
| *LOTE 2. Parques do Sur* | *26.940,00 €* | *5.657,40 €* | *32.597,40 €* |

*O adxudicatario ofrece sen custo algún para cada un dos lotes do EXPCON4SE24-ABO, unha bolsa de 150 horas para necesidades especiais a libre disposición, cuxo obxecto será cubrir necesidades extraordinarias e que non poidan ser acometidas conforme ás frecuencias establecidas no prego de prescricións técnicas*

*O prazo de duración dos contratos correspondentes a cada lote será de 1 ano. Contémplase a posibilidade de prorrogar o contrato en períodos anuais por 2 anos máis sen que a duración total do contrato incluídas a prórrogas poida superar os 3 anos (1+1+1).*

2. *Publicar no perfil do contratante e notificar aos licitadores, a adxudicación dos Lotes 1 e 2 do EXPCON4SE24-ABO de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.*

3. *Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación ao licitador, sen que se houbese interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización.*

4. *Dar traslado da presente proposta de acordo á Secretaría-Intervención do Consorcio para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.*

*Contra a presente proposta, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.*

*E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as nove horas e trinta e nove minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario da mesa, certifico.*

*A PRESIDENTA.-* *Julia Vázquez Silvarrey*

*O SECRETARIO.-* *Jose Antonio Arias Lombardero*

*VOGAIS.-* *José Antonio Mourelle Cillero*
*María Ángeles Rivas Vázquez*
*Daniel Díaz Fernández*

*Con data 26.08.2024 polo secretario da mesa requiriuse á entidade LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L., para que achegase declaración responsable na que manifeste que, a efectos de acreditar a solvencia económica e a solvencia técnica e profesional para os Lotes 1 e 2 do EXPCON4SE24-ABO, as circunstancias que constan no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Licitadores de Galicia non experimentaron variación. Na mesma data do 26.08.2024, a mencionada empresa cumpriu co trámite indicado remitindo a documentación requirida dentro do prazo outorgado ao efecto. Unha vez analizada a mesma, verifícase que a empresa LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L., achega a declaración responsable requirida nos termos esixidos, polo que se ten cumprido o condicionado dos acordos adoptados pola mesa permitindo continuar coa tramitación do expediente."*

*En base ao anteriormente exposto, vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Presidencia do Consorcio se adopte a seguinte resolución:*

1. *Adxudicar os Lotes 1 e 2 da contratación dos servizos de limpeza nos parques comarcais de bombeiros que xestiona o consorcio provincial de lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento – EXPCON4SE24-ABO, a favor da empresa LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L., con NIF B36908820.*

   *O contrato adxudícase de acordo cos seguintes importes:*

| ***LOTE*** | ***IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (SEN IVE)*** | ***IVE (21%)*** | ***IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (IVE engadido)*** |
|---|---|---|---|
| *LOTE 1. Parques do Norte* | *25.464,00 €* | *5.347,44 €* | *30.811,44 €* |
| *LOTE 2. Parques do Sur* | *26.940,00 €* | *5.657,40 €* | *32.597,40 €* |

*O adxudicatario ofrece sen custo algún para cada un dos lotes do EXPCON4SE24-ABO, unha bolsa de 150 horas para necesidades especiais a libre disposición, cuxo obxecto será cubrir necesidades extraordinarias e que non poidan ser acometidas conforme ás frecuencias establecidas no prego de prescricións técnicas.*

*O prazo de duración dos contratos correspondentes a cada lote será de 1 ano. Contémplase a posibilidade de prorrogar o contrato en períodos anuais por 2 anos máis sen que a duración total do contrato incluídas a prórrogas poida superar os 3 anos (1+1+1)*

2. *Son condicións especiais, ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.*

3. *Publicar no perfil do contratante e notificar aos licitadores, a adxudicación dos Lotes 1 e 2 do EXPCON4SE24-ABO de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.*

4. *Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación ao licitador, sen que se houbese interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización."*

Polo anteriormente exposto, en uso das facultades que me confire o artigo 14 dos Estatutos do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento,

**RESOLVO:**

1. Adxudicar os Lotes 1 e 2 da contratación dos servizos de limpeza nos parques comarcais de bombeiros que xestiona o consorcio provincial de lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento – EXPCON4SE24-ABO, a favor da empresa LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN, S.L., con NIF B36908820.

   O contrato adxudícase de acordo cos seguintes importes:

| LOTE | IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (SEN IVE) | IVE (21%) | IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (IVE engadido) |
|---|---|---|---|
| LOTE 1. Parques do Norte | 25.464,00 € | 5.347,44 € | 30.811,44 € |
| LOTE 2. Parques do Sur | 26.940,00 € | 5.657,40 € | 32.597,40 € |

O adxudicatario ofrece sen custo algún para cada un dos lotes do EXPCON4SE24-ABO, unha bolsa de 150 horas para necesidades especiais a libre disposición, cuxo obxecto será cubrir necesidades extraordinarias e que non poidan ser acometidas conforme ás frecuencias establecidas no prego de prescricións técnicas.

O prazo de duración dos contratos correspondentes a cada lote será de 1 ano. Contémplase a posibilidade de prorrogar o contrato en períodos anuais por 2 anos máis sen que a duración total do contrato incluídas a prórrogas poida superar os 3 anos (1+1+1).

2. Son condicións especiais, ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3. Publicar no perfil do contratante e notificar aos licitadores, a adxudicación dos Lotes 1 e 2 do EXPCON4SE24-ABO de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

4. Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación ao licitador, sen que se houbese interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización.

O PRESIDENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS,

P.D. Decreto de data 07-09-2023
A REPRESENTANTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS

O SECRETARIO- INTERVENTOR